

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colegiado:
PLN/2022/13	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria
Data	11 de OUTUBRO de 2022
Duración	Desde as 20:00 ata 20:20 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
Secretario	MINIA ASTRAY BARCA

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	NON
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SI
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SI
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SI
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SI
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SI
76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SI



Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1. Expediente 374/2022. Peche e Liquidación do Orzamento.

Favorable

Tipo de votación

DEBATE

Toma a palabra o Sr. González para realizar unha pequena explicación sobre a proposta do Exp.374/2022 que indica que se trata da aprobación da conta xeral e que como saben é preceptivo o envío antes do 15 de outro ao tribunal de contas para a súa fiscalización e xa foi ditaminada con anterioridade e os números atópanse nos informes da Interventora e indica as diferentes situacións.

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que indica que antes de meterse en materia quixeramos agradecer aos traballadores do Concello o traballo para armar este expediente, tanto ao departamento de Intervención como a todos aqueles que participaron no mesmo. A notificación da convocatoria deste Pleno extraordinario figura como motivo de extraordinario o cumprimento de prazos, xa empezamos mal. En todo caso debería ser incumprimento de prazos e tal e como se recollen nos informes de Secretaría e Intervención que constan no expediente o prazo para a aprobación rematou o día un deste mes, nada novo porque respecto ao cumprimento de prazos administrativos pola súa parte desgraciadamente non é algo que o distinga a vostede.

En canto ao contido da documentación da conta xeral 2021 queremos poñer de manifesto que é o resultado das súas contas e o resultado da súa xestión da economía do Concello, o que fan cos cartos dos veciños e son estes os que teñen que valorar a súa xestión e se influíu de forma favorable ou en cuestións que non afectaron case ou nada na súa calidade de vida. Parte destes resultados que constan no expediente son por exemplo que o fondo de manobra entre o ano 2020 e 2021 reduciuse en case 1.500.000 € que a día 31 de decembre de 2021 había no Concello facturas presentadas e non aplicadas ao orzamento por valor de máis de 489.000 € e 96.000€ de pagos pendentes de aplicación. Tamén no



informe de intervención ponse de manifesto que a pesar de que a situación xeral é de liquidez tamén indica que se pode albiscar futuras necesidades de efectivo e que as cifras empeoraron respecto do período anterior de comparación, notando que o fluxo neto por actividades de xestión reduciuse en máis de medio millón de euros.

Por outra parte, aínda que sabemos que as restritivas regras fiscais que imperaban nas anteriores lexislaturas seguen a estar suspensas e que vostedes agora non teñen que cumprilas, o certo é que a regra de estabilidade orzamentaria das súas contas despois de facer os axustes contables pertinentes arroxa os seguintes resultados: no ano 2021 ingresaron vostedes 5.500.000 € e gastaron 6.600.000 €, é dicir, que gastaron 1.449.806 € máis dos que ingresaron. A pregunta que nos facemos ao respecto é se realmente veuse mellorado o día a día dos veciños e se eses cartos se traduciron na mellora da calidade de vida no Concello. Con respecto a regra de gasto os informes poñen de manifesto que no ano 2021 houbo un incremento do gasto contable dun 36,76 % con respecto ao ano pasado. Gustaríanos dicirlles que a pesar de que esas regras fiscais nos últimos anos se suspenderon e puideron vostedes dispoñer de fondos sin a presión que estas regras supoñían o colchón económico co que se atoparon non é eterno e os principios de responsabilidade e prudencia seguen vixentes e sería bo que dende o seu goberno fixeran caso das advertencias dos informes de intervención.

Para finalizar gustaríanos preguntar ao Sr. Alcalde se xa están vostedes traballando na confección dos orzamentos do ano que ven para poder telos en vigor cando comece o ano como é o seu deber como gobernantes deste Concello ou se van facer como ata agora traballando con créditos que non se adaptan á realidade do momento prorrogando os orzamentos do ano anterior. Igual xa lles pareceu moito traballo facer dous orzamentos de maneira irregular e extemporánea cando a súa obriga era ter feito tres orzamentos en tempo e forma para que estiveran en vigor a un de xaneiro de cada ano. O único que lle podemos pedir é que se poñan as pilas e que traballen polos veciños de Outes, máis que nada porque ese é o seu deber.

Toma a palabra a voceira do BNG a Sra. Suárez que indica que dende o seu grupo non podemos máis que manifestar o descontento pese aos números. Os números se cadran cos investimentos necesarios e os números son un saldo positivo como ata agora veñen tendo. Nos sempre apoiamos que o Concello non é unha empresa privada que precise ter beneficios senón que debe manter o equilibrio entre o gasto e os ingresos pero cun servizo óptimo e que cubra as necesidades



de toda a veciñanza de Outes e vostede o certo é que ao marxe da súa falta de responsabilidade á hora de cumprir os prazos e como leva demostrado ao longo do mandato este goberno e pon algúns exemplos con respecto ao mesmo.

Aparecen no informe de Intervención e Secretaría, traballo que agradecemos dende este grupo sempre demostrando a súa profesionalidade, volven a sinalar que unha das problemáticas á hora de facer os dous informes é a falta dun inventario de bens, cuestión que xa nos atopamos nos pleno anterior. E nós tamén lle sinalamos que había que facer algo e que, non só é a falta de inventariado senón que tamén deixamos de saber canto se revalorizan as propiedades nas que se fan melloras por parte do Concello.

No argumentario á hora de ter que presentar as contas chama a atención que fan un relato dunha serie de obrigas que debe cumprir un Concello como son saneamento, traídas de augas, mantemento de zonas verdes e espazos comúns, alumeadado público etc. Nós a estas alturas non sabemos se vostedes teñen coñecemento das súas obrigas porque dende logo o que é cumprilas non a están cumprindo e priorizan outra serie de actuacións que a vostede lle gusta bastante máis pero aos veciños bastante menos. Sr. González despois de gastarse máis de 1.400.000 € a maiores hai veciños neste Concello que seguen sen traída de auga potable, que seguen sen saneamento e que seguen sen un vial en condicións que o leve para chegar ás súas casas. Xa lle dixemos que quizais non era o ano da Feira Náutica ou de murais privados senón que era o ano de asumir e entender que Concello que herdara, un Concello que ten que volver a facer os saneamentos porque estaban mal feitos e outras serie de investimentos que nós no seu día manifestamos que había prioridades máis importantes como o gasto dos 500.000€ en arranxo de pistas forestais. Choveu un día escasamente vai a ver como están esas pistas forestais.

Sr. González, desta vez, pola modificación da lei da regra de gasto safou pero os aforros non son eternos e as necesidades da veciñanza de Outes debería ser a prioridade á hora de gobernar e lamentablemente a día de hoxe non o son.

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista o Sr. Caamaño que indica que non vai dicir moito só que vostede e o seu equipo gastaron os cartos como mellor consideraron, non imos ser nós os que digamos se están ben ou mal gastados serán os veciños os que o definan dalgunha forma e ademais sabendo que o Partido Socialista ten outras prioridades en canto a algúns dos gastos que vostedes estableceron. Si votamos de menos que non se levaran a cabo entre outras actuacións uns gastos tan pequenos e importantes para o Partido



Socialista como que non se houberse arraxado a parede do campo de fútbol do Conchido e dende o ano 2019 un espello no cruce do Rego. Con isto queremos dicir que tiveron na súa man facer os gastos que consideraron oportunos e os que nós non imos xulgar porque son vostedes quen gobernan, pero tamén dicir que as nosas discrepancias con vostedes a maioría das veces son por cuestión de prioridades e nas que o noso partido defende por riba de todo e por diante de todo a seguridade dos veciños e veciñas de Outes antes que calquera outra cousa. Iso é o que a nós nos molesta que non se fagan actuacións que remiten na seguridade dos veciños.

Toma a palabra o Sr. González e indica de forma breve fai referencia ao informe de Intervención e indica que o que apuntaba a Sra. Molinos fundamentalmente se debe a que se fixeron numerosos investimentos votando man deses remanentes existentes. Xa temos falado que temos unha concepción diferente da administración pública, se hai necesidades e hai recursos hai que tratar de atender as mesmas. Que o peto medre está ben para determinadas institucións pero non para unha administración pública que o que ten que facer é atender unhas necesidades dos cidadáns e engadir que a redución do fondo de manobra débese ao uso do remanente de tesouraría e para poder utilizalo tivemos que vir a pleno e o pleno tivo que aprobar a liberación destes créditos. As prioridades marcas o goberno pero vostedes naquel momento cando permitiron que se puideran usar eses fondos tamén compartiron que esas prioridades eran necesarias atendelas ou que esas propostas eran necesarias.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 abstencións

BNG: 2 abstencións

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 abstención

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral do Exercicio 2021, comprendido en exclusiva pola Conta Xeral do propio Concello.

SEGUNDO.- Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas e ao órgano autonómico, tal e



como se establece no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda.

Remata a sesión ás 20:20 horas do que, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

